

salvo que poida xustificarse a improbabilidade de que se produza a exposición dos organismos acuáticos.

10.3 Efectos nas abellas.—Deberá indicarse a mesma información que se inclúe no punto 8.3 da sección 8 da parte B do anexo II cando non sexa posible preve-los efectos do produto fitosanitario a partir dos datos dispoñibles sobre o microorganismo, salvo que poida xustificarse a improbabilidade de que se produza a exposición das abellas.

10.4 Efectos en artrópodos distintos das abellas.—Deberá indicarse a mesma información que se inclúe no punto 8.4 da sección 8 da parte B do anexo II cando non sexa posible preve-los efectos do produto fitosanitario a partir dos datos dispoñibles sobre o microorganismo, salvo que poida xustificarse a improbabilidade de que se produza a exposición de artrópodos distintos das abellas.

10.5 Efectos sobre as miñocas.—Deberá indicarse a mesma información que se inclúe no punto 8.5 da sección 8 da parte B do anexo II cando non sexa posible preve-los efectos do produto fitosanitario a partir dos datos dispoñibles sobre o microorganismo, salvo que poida xustificarse a improbabilidade de que se produza a exposición das miñocas.

10.6 Efectos sobre microorganismos do solo.—Deberá indicarse a mesma información que se inclúe no punto 8.6 da sección 8 da parte B do anexo II cando non sexa posible preve-los efectos do produto fitosanitario a partir dos datos dispoñibles sobre o microorganismo, salvo que poida xustificarse a improbabilidade de que se produza a exposición dos microorganismos do solo non obxectivo.

10.7 Estudos adicionais.—Deberase pedi-la opinión de expertos para decidir se é necesario realizar estudos adicionais. Tal decisión terá en conta a información dispoñible en virtude desta e doutras seccións, particularmente os datos sobre a especificidade do microorganismo e a exposición prevista. Así mesmo, poderá obterse información útil a partir das observacións realizadas nas probas de eficacia.

Deberá prestarse especial atención ós posibles efectos sobre organismos presentes naturalmente ou liberados artificialmente de importancia para a xestión integrada de pragas. Deberá considerarse, en particular, a compatibilidade do produto coa xestión integrada de pragas.

Os estudos adicionais poderían incluír outros estudos sobre especies adicionais ou estudos de etapas superiores, como estudos sobre organismos non obxectivo seleccionados.

Antes de realizar estes estudos, o solicitante deberá obte-lo acordo das autoridades competentes sobre o tipo de estudio que se debe efectuar.

## 11. RESUMO E AVALIACIÓN DO EFECTO SOBRE O AMBIENTE

Deberán facerse un resumo e unha avaliación de tódolos datos relativos ó efecto sobre o ambiente, de acordo coas orientacións elaboradas pola Administración respecto á presentación de tales resumos e avaliacións. Deberá incluírse unha avaliación detallada e crítica de tódolos datos no contexto dos criterios e directrices correspondentes relativos á avaliación e á toma de decisións, facendo especial fincapé nos riscos, reais ou posibles, para o ambiente e as especies non obxectivo, así como no tamaño, a calidade e a fiabilidade da base de datos. Deberán tratarse, en particular, os aspectos seguintes:

Previsión da distribución e do destino no ambiente, así como a evolución temporal correspondente.

Identificación de poboacións e especies non obxectivo en situación de risco, e previsión da importancia da súa posible exposición.

Presentación das precaucións necesarias para evitar ou minimiza-la contaminación do ambiente e para protexe-las especies non obxectivo.

**6474** *ORDE APA/718/2002, do 2 de abril, pola que se modifican determinados anexos do Real decreto 3454/2000, do 22 de decembro, polo que se establece e regula o programa integral coordinado de vixilancia e control das encefalopatías esponxiformes transmisibles dos animais. («BOE» 82, do 5-4-2002.)*

Mediante a Orde do 26 de xullo de 2001 modificáronse determinados anexos do Real decreto 3454/2000, do 22 de decembro, polo que se establece e regula o programa integral coordinado de vixilancia e control das encefalopatías esponxiformes transmisibles dos animais, para a súa adaptación á regulación establecida polo Regulamento (CE) 999/2001, do Parlamento Europeo e do Consello, do 22 de maio de 2001, polo que se establecen disposicións para a prevención, o control e a erradicación de determinadas encefalopatías esponxiformes transmisibles.

O dito regulamento foi modificado por terceira vez mediante o Regulamento (CE) número 270/2002, da Comisión, do 14 de febreiro de 2002, téndose incrementado o número de mostras que se deben realizar no gando ovino e caprino, e introducidas modificacións na determinación do xenotipo do xene PrP, de acordo co dictame do Comité director científico do 29 e 30 de novembro de 2001.

De acordo con iso, e en aplicación do dito regulamento, cómpre fixa-la distribución de mostras entre as comunidades autónomas, así como adapta-la información que vaian subministra-las comunidades autónomas e os rexistros que se vaian conservar, por aplicación do principio de seguridade xurídica e sen prexuízo da directa aplicabilidade do Regulamento comunitario, o que fai preciso modificar parcialmente determinados anexos do Real decreto 3454/2000 ó abeiro do disposto na disposición derradeira segunda do citado real decreto, que faculta os ministros de Agricultura, Pesca e Alimentación e de Sanidade e Consumo para modificaren, no ámbito das súas respectivas competencias, o contido dos anexos da dita norma.

Na elaboración desta disposición foron consultadas as comunidades autónomas e o sector afectado.

Na súa virtude, dispoño:

**Artigo único.** *Modificación de determinados anexos do Real decreto 3454/2000, do 22 de decembro.*

Substitúense os anexos I, II e VIII do Real decreto 3454/2000, do 22 de decembro, polo que se establece e regula o programa integral coordinado de vixilancia e control das encefalopatías esponxiformes transmisibles dos animais, polos que figuran no anexo desta orde.

**Disposición derradeira única.** *Entrada en vigor.*

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado» e terá efectos retroactivos a partir do 1 de abril de 2002.

Madrid, 2 de abril de 2002.

ARIAS CAÑETE

## ANEXO

### «ANEXO I. Información

As comunidades autónomas remitirán, en soporte informático, os seguintes datos e documentación:

#### A. Programa de vixilancia das EET

1. Número de casos sospeitosos de cada especie animal suxeitos a restricción de movementos en virtude do punto 2 do artigo 6.

2. Número de casos sospeitosos de cada especie animal suxeitos a exame de laboratorio en virtude do punto 3 do artigo 6, e resultado final do exame.

3. Número de rabaños con casos sospeitosos de animais ovinos e caprinos dos que se informase e que fosen investigados en virtude dos puntos 2 e 3 do artigo 6.

4. Tamaño calculado da subpoboación a que fai referencia o número 3 do anexo II.A.

5. Número de animais bovinos ós que se lles realizaron probas dentro de cada subpoboación, ás que fan referencia os números 2 e 3 do anexo II.A, o método de selección de mostras e o resultado das probas.

6. Tamaño estimado das ditas subpoboacións a que se refiren os puntos 2 e 3 do anexo II.B, que foron seleccionadas para a mostraxe.

7. Número de animais ovinos e caprinos e de rabaños de cada subpoboación ós que se lles realizaron probas en cada subpoboación a que se refiren os números 2 e 3 do anexo II.B, método para a selección de mostras e resultados das probas.

8. Número, distribución por idade e distribución xeográfica dos casos positivos de EEB e tremesía. O país de orixe, se non é España, dos casos positivos de EEB e tremesía. Número e distribución xeográfica dos rabaños con casos positivos de tremesía. Para cada caso notificado da EEB, deberá comunicarse o ano e, na medida do posible, o mes de nacemento do animal.

9. Casos positivos e confirmados de EET entre animais de especies distintas da bovina, ovina e caprina.

10. O xenotipo e, cando sexa posible, a raza de cada animal da mostra para cada subpoboación en virtude do disposto nas letras a) e b) do punto 5 do anexo II.B.

#### B. Controis da alimentación animal

1. Relación de establecementos que elaboran pensos destinados á alimentación de animais de granxa mantidos, cebados ou criados para a produción de alimentos e relación de establecementos que elaboran pensos para animais de compañía.

2. Número de visitas de inspección realizadas e resultados.

3. Relación nominal de establecementos visitados, con expresión do número de mostras tomadas en cada un deles.

4. Número de mostras remitidas ó laboratorio, indicando o centro de análise e os resultados obtidos.

5. Incidencias: farase consta-lo tipo e causa da incidencia.

6. Igualmente, remitiranse os datos relativos ás inspeccións realizadas en granxas.

#### C. Inspección de industrias de transformación de subproductos

1. Número de visitas de inspección realizadas.

2. Relación nominal de establecementos visitados, con expresión do número de mostras tomadas en cada un deles.

3. Incidencias: deficiencias encontradas e medidas adoptadas.

4. A listaxe actualizada das industrias de transformación de despojos e subproductos que cumpren co establecido no Real decreto 2224/1993, e a Decisión 1999/534/CE.

## ANEXO II. Vixilancia das EET

### ANEXO II.A PROGRAMA DE VIXILANCIA DE EEB

1. Os controis no gando bovino levaranse a cabo de conformidade cos métodos de laboratorio establecidos na vixente normativa.

2. Controis de animais sacrificados para o consumo humano:

a) Realizáranse probas de EEB a tódolos animais bovinos de máis de vinte e catro meses de idade que se deban someter a un sacrificio especial de urxencia segundo se define no punto 14 do artigo 2 do Real decreto 147/1993, do 29 de xaneiro, polo que se establecen as condicións sanitarias de produción e comercialización de carnes frescas, e a tódolos bovinos de máis de vinte e catro meses de idade animais sacrificados en virtude da letra c) do punto 28 do capítulo VI do anexo I do citado Real decreto 147/1993.

b) Realizáranse probas da EEB a tódolos animais bovinos de máis de vinte e catro meses de idade que se deban sacrificar polo procedemento habitual para o consumo humano.

3. Controis de animais o sacrificio dos cales non está destinado ó consumo humano: realizáranse probas da EEB a tódolos animais bovinos maiores de vinte e catro meses de idade que morresen ou fosen sacrificados, pero que non foron sacrificados no marco dunha epidemia, como é o caso da febre aftosa.

4. Medidas posteriores á realización de probas:

a) Cando se lle realicen as probas da EEB a un animal sacrificado para o consumo humano, non se levará a cabo a marcaxe sanitaria no canal do dito animal, establecido no Real decreto 147/1993, do 29 de xaneiro, polo que se establecen as condicións sanitarias de produción e comercialización de carnes frescas, ata que se obteña un resultado negativo da proba de diagnóstico rápido.

b) Reteranse baixo control oficial tódalas partes do corpo dun animal ó que se lle estean realizando probas da EEB, incluíndo a pel, ata que se obteña un resultado negativo das probas de diagnóstico rápido, sempre e cando non se destrúan conforme o disposto na vixente normativa sobre eliminación de materiais especificados de risco en relación coas encefalopatías esponxiformes transmisibles dos animais.

c) Tódalas partes do corpo dun animal que dea positivo nas probas de diagnóstico rápido, incluíndo a pel, serán destruídas, coa excepción do material que se deberá conservar para efectos dos rexistros previstos no anexo VIII.

d) Nos casos en que as probas de diagnóstico rápido dean positivo en animais sacrificados para o consumo humano, polo menos o canal inmediatamente anterior ó que dese positivo nas probas e os dous canais inmediatamente posteriores a este na mesma cadea de sacrificio, serán destruídos con-

forme o disposto no parágrafo anterior, ademais do propio canal que dese positivo. Non obstante, iso non será obrigatorio se se dispón dun sistema de prevención da contaminación entre canais no matadoiro.

#### ANEXO II.B PROGRAMA DE VIXILANCIA EN ANIMAIS OVINOS E CAPRINOS

1. Os controis no gando ovino e caprino levaranse a cabo de conformidade cos métodos de laboratorio establecidos na vixente normativa.

2. Control de animais sacrificados para o consumo humano: realizaránselles probas ós animais ovinos e caprinos de máis de dezaoto meses de idade ou na enxiva dos cales fixesen erupción dous incisivos definitivos, co tamaño mínimo de mostra anual e coa distribución por comunidades autónomas indicados no cadro. A mostra será representativa para cada provincia e estación. A selección da mostra estará destinada a evitar unha representación excesiva de calquera grupo polo que se refire á orixe, á especie, á idade, á raza, ó tipo de produción ou a calquera outra característica. A idade do animal calcularase en función do dentame, signos evidentes de madureza ou outra información fiable. Evitarase, sempre que sexa posible, realizar unha mostraxe múltiple no mesmo rabaño.

Comunidade Autónoma	Tamaño mínimo de mostra
Andalucía .....	7.373
Aragón .....	5.072
Asturias .....	862
Illes Balears .....	250
Canarias .....	4.927
Cantabria .....	7
Castilla y León .....	16.123
Castilla-La Mancha .....	4.169
Cataluña .....	5.354
Extremadura .....	2.598
Galicia .....	21
La Rioja .....	1.596
Madrid .....	545
Murcia .....	3.114
Navarra .....	706
País Vasco .....	6.788
Valenciana .....	495
<b>Total .....</b>	<b>60.000</b>

3. Control de animais non sacrificados para o consumo humano: realizaránselles controis ós animais ovinos e caprinos de máis de dezaoto meses de idade, ou na enxiva dos cales fixesen erupción dous incisivos definitivos, que morresen ou fosen sacrificados, pero que non foron sacrificados no marco dunha epidemia (como a febre aftosa) nin foron sacrificados para o consumo humano, de acordo co tamaño mínimo da mostra anual e coa distribución por comunidades autónomas indicados no cadro. A mostra será representativa de cada provincia e estación. A selección da mostra estará destinada a evitar unha representación excesiva de calquera grupo polo que se refire á orixe, á especie, á idade, á raza, ó tipo de produción ou a calquera outra característica. A idade do animal calcularase en función do dentame, signos evidentes de madureza ou outra información fiable. Evitarase, sempre que sexa posible, realizar unha mostraxe múltiple no mesmo rabaño.

Comunidade Autónoma	Tamaño mínimo de mostra
Andalucía .....	919
Aragón .....	701
Asturias .....	33
Illes Balears .....	74
Canarias .....	85
Cantabria .....	23
Castilla y León .....	1.124
Castilla-La Mancha .....	894
Cataluña .....	251
Extremadura .....	1.035
Galicia .....	68
La Rioja .....	56
Madrid .....	50
Murcia .....	232
Navarra .....	205
País Vasco .....	95
Valenciana .....	155
<b>Total .....</b>	<b>6.000</b>

#### 4. Medidas posteriores á realización de probas.

a) Reteranse baixo control oficial tódalas partes do corpo dun animal ó que se lle estean realizando as probas, incluíndo a pel, ata que se obteña un resultado negativo da proba de diagnóstico rápido, sempre e cando non se destrúan conforme o disposto na vixente normativa sobre eliminación de materiais especificados de risco en relación coas encefalopatías esponxiformes transmisibles dos animais.

b) Tódalas partes do corpo dun animal que dea positivo nas probas de diagnóstico rápido, incluíndo a pel, serán destruídas, con excepción do material que se deberá conservar para efectos dos rexistros previstos no anexo VIII.

#### 5. Xenotipos.

a) Determinarase o xenotipo da proteína do prión por cada caso positivo de EET no gando ovino. Nos casos de EET en que se encontren xenotipos resistentes (ovinos de xenotipos que codifican alanina en ámbolos alelos no codon 136, arxinina nos dos alelos no codon 154 e arxinina en ámbolos alelos no codon 171), informarase de inmediato a Dirección Xeral de Gandería do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, para o seu traslado á Comisión das Comunidades Europeas. Na medida do posible, os casos deste tipo someteranse á caracterización de cepas. Cando non sexa posible identifica-las cepas de tales casos, o rabaño de orixe e tódolos outros rabaños nos que estivese o animal someteranse a un control máis intensivo por se se puidesen encontrar outros casos da enfermidade para a caracterización das cepas.

b) Ademais dos animais ós que se lles determine o xenotipo conforme o disposto no punto 5.1 anterior, deberase determinar tamén o xenotipo da proteína do prión dunha submostra aleatoria dos animais ovinos ós que se lles realicen probas conforme o disposto no punto 2 deste anexo II.B. Esta submostra será representativa de, alomenos, o 1 por 100 da mostra total anual para cada comunidade autónoma. Como excepción, a comunidade autónoma poderá optar por determina-lo xenotipo dun número equivalente de animais vivos da mesma idade.

## ANEXO VIII. Rexistros

Os datos mínimos que conterán os rexistros mencionados no punto 1 do artigo 27, e que serán remitidos cunha periodicidade quincenal, serán os seguintes:

a) Número e tipos de animais suxeitos a restricción de movementos en virtude do punto 2 do artigo 6.

b) Número e resultados dos exames clínicos e epidemiolóxicos efectuados en aplicación do disposto no punto 2 do artigo 6.

c) Número e resultados dos exames de laboratorio efectuados en aplicación do punto 3 do artigo 6.

d) Número, identidade e orixe dos animais tomados como mostras no contexto dos programas de vixilancia recollidos no anexo II e, cando sexa posible, idade, raza e información anamnésica.

e) O xenotipo da proteína do prión en casos positivos de EET en gando ovino.»

## XEFATURA DO ESTADO

**6578** *REAL DECRETO LEI 2/2002, do 5 de abril, polo que se adoptan medidas urxentes para reparar los danos causados polas chuvias torrenciais acaecidas o 31 de marzo de 2002 en Santa Cruz de Tenerife e en San Cristóbal de la Laguna (illa de Tenerife).* («BOE» 83, do 6-4-2002.)

As condicións meteorolóxicas que coincidiron en torno ó arquipélago canario o día 31 de marzo de 2002 produciron un episodio de intensas chuvias, dunha magnitude de imposible predicción, no que chegaron a caer máis de 224 litros de auga por metro cadrado sobre Santa Cruz de Tenerife nun período de menos de dúas horas.

Este fenómeno meteorolóxico adverso provocou inundacións e desbordamentos de regatos na citada capital canaria, que tiveron gravísimas consecuencias, causando vítimas mortais e numerosos feridos, algúns deles de gravidade, así como danos e perdas de diversa natureza en infraestructuras, servicios públicos, vivendas, industria e comercio.

Como consecuencia destas chuvias torrenciais, numerosas familias perderon totalmente as súas vivendas ou encontráronse con que estas están seriamente danadas. Foi necesaria a evacuación a lugares seguros dunha parte da poboación, residente nos barrios máis afectados, e precisa a intervención nalgúns zonas de equipos de rescate, así como incluso de membros das Forzas Armadas. Así mesmo, a tromba de auga ocasionou cortes prolongados da subministración eléctrica, do abastecemento de auga e das liñas telefónicas, a interrupción do tráfico aéreo e portuario e a ameaza de derrubamento dun bo número de edificios públicos e privados. As rúas de Santa Cruz de Tenerife quedaron anegadas polo barro e polas rochas arrastradas desde as montañas pola forza da auga.

Dada a magnitude destes feitos e os seus efectos catastróficos, o Goberno da Nación, en coordinación e

colaboración co resto das administracións públicas afectadas e desde o principio constitucional de solidariedade, asume o compromiso de realiza-lo esforzo que resulte necesario para lograr, no prazo máis breve posible, a total recuperación da normalidade na zona sinistrada, mediante a adopción dun conxunto de medidas que contribúan á reparación dos danos e á rehabilitación dos servicios públicos afectados.

O obxectivo desta norma é aprobar un amplo catálogo de medidas que afectan a varios departamentos ministeriais e abarcan aspectos moi diferentes, pois mentres que unhas se dirixen a diminuí-las cargas tributarias, outras, como a concesión de créditos privilexiados, intentan coadjuvar ó logro da normalidade.

Tamén se establecen precisións para lograr que a aplicación das medidas adoptadas se leve a cabo mediante a debida coordinación de actuacións entre os órganos da Administración xeral do Estado, da Comunidade Autónoma e das administracións locais afectadas.

As previsións deste real decreto lei céntranse, ademais, na concesión de axudas persoais e por danos en vivendas, pertenzas e vehículos ós que se lles deu prioridade absoluta, debido á magnitude dos prexuízos producidos ás persoas. A gravidade e a necesidade de atención inmediata ós cidadáns afectados non permiten demora-la percepción das axudas establecidas ata que se efectúe o cálculo dos danos ocasionados nas infraestructuras.

Na súa virtude, en uso da autorización contida no artigo 86 da Constitución, por proposta do vicepresidente primeiro do Goberno e ministro do Interior, do vicepresidente segundo do Goberno e ministro de Economía, e dos ministros de Xustiza, de Facenda, de Fomento, de Traballo e Asuntos Sociais, da Presidencia, de Administracións Públicas e de Medio Ambiente, e logo da deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 5 de abril de 2002,

### DISPÓN O:

#### Artigo 1. *Ámbito de aplicación.*

1. As medidas establecidas neste real decreto lei aplicaranse á reparación dos danos ocasionados polas chuvias torrenciais acaecidas o día 31 de marzo en Santa Cruz de Tenerife e en San Cristóbal de la Laguna (illa de Tenerife).

2. Para os efectos das ditas actuacións reparadoras, entenderanse tamén incluídos aqueloutros termos municipais ou núcleos de poboación nos que, para a correcta execución das obras necesarias, sexan imprescindibles as actuacións dos departamentos ministeriais competentes.

#### Artigo 2. *Danos en infraestructuras públicas.*

Facúltanse os titulares dos departamentos ministeriais competentes por razón da materia para declarar zona de actuación especial as áreas afectadas, con obxecto de que os ditos departamentos, os seus organismos autónomos e as entidades públicas dependentes deles poidan levar a cabo as restauracións que procedan.

Para os efectos indicados, decláranse de emerxencia as obras que terán que executar tales departamentos para repararen os danos causados en infraestructuras de titularidade estatal comprendidas no seu ámbito de competencias.